

Dous de decembro de 1969. Eran as oito da mañá e Meri espertaba, saía da cama con lentitude e poñía os pés no chan. Calzou as zapatillas, saíu do cuarto e mirou a súa esquerda, lentamente, achegouse a aquela gastada fiestra e contemplou un intre aquela nevada paisaxe francesa sen dar un só signo de expresión . Baixou á cociña, colleu aquela gastada cunca de porcelana e cun pouco de leite almorzou. Logo colleu o abrigo, gorro e bufando e saíu á rúa.

Habitaba nun pequeno pobo de apenas vinte casas, afectado pola guerra había uns anos. Alí, na rúa, atopábanse todos:

Mariane, cun largo vestido negro de inverno, insegura, tímida, coa cabeza baixa , era maltratada polo seu marido dende había oito anos. Intentaron axudala pero o medo apoderarase dela.

Leonardo, un mozo de vintedous anos, tatexo, gañaba a vida como xastre, unha boa profesión neste pobo. E velaí o vello Estevo. Un alcohólico; a guerra acabou con el e agora gasta todo o que ten en bebida. A boa de Melina, coa súa tenda de alimentos, sempre está aí, chova ou neve sempre podes contar con ela.

E por fin Meri chega ao seu destino. Meri coidaba dunha señora do pobo que vivía soa, isto era o que facía dende había catro anos. Con paso firme Meri subiu as escaleiras e abriu a porta, a súa fronte, sentada nunha cadeira, miando cara unha ventá a señora Auditari, baixa, case sen pelo que lle cubrirá a cabeza, cunha mirada penetrante, mais unha negra sombra rodeáballe as pálpebras. A señora de Auditori íase converter no peor pesadelo de Meri